



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO-CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de xuño de 2026

Lugo, 15 de maio de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTADO DE DIRECCIÓNS

EXPEDIENTE: X1846

CLAVE: LU/19/165.10

OBRA: "MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)"

CONCELLO: VIVEIRO

PREDIO	TITULAR/ES	DIRECCIÓN
2.33	GIL OTERO MERCEDES GIL OTERO MARITE	LG. VILARES - PQ. MERILLE, Nº 17 - 27866 OUROL (LUGO)
2.34	FERNÁNDEZ CHAO VICTOR	LG. OS GARCÍAS, 2 - MERILLE - 27866 OUROL (LUGO)
2.36	REBELLÓN BASANTA CB BEATRIZ (HROS.DE)	AV. LINARES RIVAS, Nº 5, 6º - 15005 A CORUÑA

R. 1292

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: OUROL

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de xuño de 2026

Lugo, 15 de maio de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTAXE DE PROPIETARIOS

EXPEDIENTE: 3170

CLAVE: LU/19/165.10

OBRA: "Mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro - Cabreiros)"

CONCELLO: OUIROL

PREDIO	TITULAR/ES	DNI
5.39	SOTO COBO, MARÍA CONCEPCIÓN MARCELI	****9310*

R. 1293

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO-CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de xuño de 2026

Lugo, 15 de maio de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTAXE DE PROPIETARIOS

EXPEDIENTE: 3169

CLAVE: LU/19/165.10

OBRA: "Mellora da capacidade e seguridade da LU-540 (Viveiro - Cabreiros)"

CONCELLO: VIVEIRO

PREDIO	TITULAR/ES	DNI
1.29	REY RODRIGUEZ, MARIA CARMEN	****3680*
1.29	REY REY, MARIA CARMEN	****2383*

R. 1294

CONCELLOS**CARBALLEDO***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2026 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2026.

O importe total do padrón ascende a dezanove mil cincocentos cincuenta e catro euros e setenta e oito céntimos (19.554,78€), sendo o período voluntario de cobro **desde día 29 de maio de 2026 ao 29 de xullo de 2026** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 1º trimestre 2026

NÚMERO DE PÁXINAS: 41

NÚMERO DE RECIBOS: 637

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 15.639,60€; IVE: 1.563,96€; Canon Xunta Cota fixa: 1.256,49€; Canon Xunta Cota Variable: 1.094,73€. Total importe padrón: 19.554,78€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 15 de maio de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1295

O CORGO

Anuncio

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 15 de maio de 2026, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 3/2026, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de CENTO SETENTA E CINCO MIL SETECENTOS VINTE E SETE EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (175.727,34 €), segundo de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 18 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, Felipe Labrada Reija.

R. 1296

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2026, aprobáronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 2º bimestre de 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 28 maio de 2026 e o 28 de xullo de 2026.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 19 de maio de 2026.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1316

PASTORIZA

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS ANO 2026.

Por Resolución desta Alcaldía de data 20 de maio de 2026, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano 2026. As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodapastoriza.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Pastoriza, 20 de maio de 2026.- O alcalde, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 1317
